

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 8 de novembro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día oito de novembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34347.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024.

2.34348.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS COMO CONSECUCENCIA DAS RENUNCIAS FORMULADAS POR ENTIDADES BENEFICIARIAS DE AXUDAS Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024. PROGRAMA +AQUA 2024. (Expte. 2023072350)

No exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 28/10/2024 con códigos seguros de verificación: EF7DSN5398FI78SA, ERKD5OZM005JBT3M, EIYZQJN3BVAZB8G1, EZE96GYRAXGP4ZWY, ETBPIPILNG3RV0B, EL4ZBMLPBHCUN7RJ, B6E11898JQBLC42Z, CBLO4RZE5H3TI6HA o informe da intervención provincial de data 30/10/2024 con CSV: A4FVV79NZSEFUASL e os acordos 18.34306, 19.34307, 21.34309, 22.34310, 24.34315, 25.34313, 26.34314 e 27.34315 da Xunta de Goberno de data 24 de outubro de 2024 de aceptación das



renuncias á concesión de subvención ao abeiro da convocatoria do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á “*Comunidade de usuarios de augas de casiña e o Piñeiro*” (G94152741) a cantidade de 6.982,30€ que completarían os 3.017,70€ que se lle concederon mediante o acordo número 7.34181 na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024 dun total de 10.000,00 € solicitados, ao esgotarse a totalidade do crédito do Programa +AQUA 2024.
2. Conceder á “*Comunidade de usuarios de auga de Arcos de arriba*” (G36578524) a cantidade de 10.000,00€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
3. Conceder á “*Comunidad usuarios de O Pradiño*” (G94014354) a cantidade de 10.000,00€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
4. Conceder á “*Comunidade usuarios de Carballal*” (G94171626) a cantidade de 10.000,00€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
5. Conceder á “*Comunidad de usuarios de Campo do Mouro*” (G36307452) a cantidade de 10.000,00€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
6. Conceder á “*Comunidade de usuarios de auga de Cimadevila y río*” (G36242063) a cantidade de 10.000,00€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
7. Conceder á “*Comunidad usuarios de Setados*” (G36148955) a cantidade de 7.412,22€ ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.
8. Conceder á “*Comunidad de usuarios de Arcos*” (G36145746) a cantidade de 6.818,73€ dun total de 9.945,00€ solicitados por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do programa ao abeiro “Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)”.



A concesión da subvención á “*Comunidad de usuarios de Arcos*” (G36145746) debe quedar condicionada á presentación por parte da mesma do compromiso dunha nova achega con fondos propios para financiar a actuación, ao proponse unha subvención de 6.818,73€ dun total de 9.945,00€ solicitados pola comunidade de usuarios de augas ao esgotarse co seu proxecto a totalidade do crédito dispoñible do Programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A concesión de subvención ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Os proxectos de novación quedarán condicionados á presentación dos mesmos para a correcta xustificación.

Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- b) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. Os proxectos de novación quedarán condicionados á presentación dos mesmos para a correcta xustificación.
- c) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán ter executados os investimentos na súa totalidade e xustificados no prazo máximo de seis meses (6), quedando establecida esta data máxima dende a data de concesión da axuda. Quedando excluída calquera outra ampliación de prazos. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención
- d) A execución e xustificación destes investimentos correspóndelle ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- e) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.



9. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 71.213,25€, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.
10. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.34349.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE PARCELA PARA EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS” (Expte.2024067332)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

No marco do Plan + Provincia 2024 liña 1, concedéuselle ao concello de O Rosal subvención para os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO	SUBVENCIÓN	ÓRGANO
RENOVACIÓN DE PARQUE DE PIAS (EXPTE.2024022343)	45.783,79€	RP 27/06/2024 nº2024005444
SANEAMENTO NO CAMIÑO DO NIXO – DURÁN – VISO DOS EIDOS (EXPTE.2024022961)	53.064,01€	RP 28/06/2024 nº2024005515
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN	98.847,80€	

En data 08/10/2024 o *concello de O Rosal*, con rexistro WEB2024062761, achega solicitude na que desiste das finalidades subvencionadas salientadas no parágrafo anterior, por ter prioridade o financiamento do investimento “Adquisición de parcela para equipamentos municipais” e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.



Mediante Resolución Presidencial Núm. 2024008283 de data 24/10/2024 ((CSV):9OQQC3CR4KCWZ953), e Resolución Presidencial Núm. 2024008284 de data 24/10/2024 ((CSV):6XZMC02FKAEQV3KN), aceptáronse as desistencias formuladas polo *concello de O Rosal*, deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por importe total de 98.847,80€, na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.45 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento do novo investimento que o *concello de O Rosal* pretende acometer.

Neste contexto, en data 08/10/2024, mediante rexistro WEB2024062761, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de O Rosal* na que solicita, con cargo ao crédito dispoñible por mor da desistencia, unha subvención por importe de 98.847,80€, co obxecto do financiamento do investimento “ADQUISICIÓN DE PARCELA PARA EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS”, cuxo orzamento ascende 108.900,00€, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
108.900,00 €	98.847,80 €	0,00 €	10.052,20 €

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención e cambios de finalidade.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/10/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/10/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/10/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder por cambio de finalidade, ao *Concello de O Rosal* (CIF:P3604800G), no marco do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investimentos, unha subvención por importe de 98.847,80€ co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición de parcela para equipamentos municipais*” (Expte. 2024067332), cuxo orzamento ascende 108.900,00€, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
108.900,00€	98.847,80€	0,00€	10.052,20€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.34350.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE EFICIENCIA ENERXETICA NO CAMPO DE FUTBOL DAS ESTREMAS” (Expte. 2024070935)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de€, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Cerdedo-Cotobade* o importe que lle corresponde é de 110.790,40€.
A aprobación do repartimento queda condicionada á aprobación definitiva do expte. de modificación do orzamento 4/2004 (expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (Expte. 2024066943).
- En data 31/10/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024066792) dunha petición do Concello de Cerdedo-Cotobade, emendada nas datas 04/11/2024 e 06/11/2024 (núm. rexistro WEB2024067056, WEB2024067590 e WEB2024067664), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 110.790,40€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Obras de eficiencia enerxética no campo de fútbol das Estremas”, cun orzamento de 138.558,33€ (127.817,38€ de execución de obra, 4.296,38€ de redacción de proxecto, 4.296,38€ de dirección de obra e 2.148,19€ de coordinación de seguridade e saúde).
O financiamento complétase coa subvención de 19.971,53€ solicitada na data 31/10/2024 ao abeiro do Plan +Provincia 2024 (expte. 2024070951) e unha achega municipal de 7.796,40€.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 04/11/2024 (CSV: EI99A969J65VYPXG).
- Así mesmo, o 06/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 12TSO03OWBY0CZL1) e a Intervención provincial emite informe favorable na mesma data (CSV: LD40YPRA7C3CI5IW).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Cerdedo-Cotobade* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Obras de eficiencia enerxética no campo de fútbol das Estremas*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 110.790,40€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF P3600048G, a cantidade de 110.790,40€ con destino ao financiamento do investimento “*Obras de eficiencia enerxética no campo de fútbol das Estremas*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 138.558,33€ (127.817,38€ de execución de obra, 4.296,38€ de redacción de proxecto, 4.296,38€ de dirección de obra e 2.148,19€ de coordinación de seguridade e saúde).

O financiamento complétase coa subvención de 19.971,53€ solicitada na data 31/10/2024 ao abeiro do Plan +Provincia 2024 (expte. 2024070951) e unha achega municipal de 7.796,40€.

A concesión da subvención queda condicionada á aprobación definitiva do expte. de modificación do orzamento 4/2004 (expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (expte. 2024066943).

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.34351.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIONES OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024(Expte.2024024468)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e ás federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 por importe de 500.000,00 €.

Segundo.- Con data 10/05/2024 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 92), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro.- Con data 14/10/2024 a xefatura do servizo de Cultura emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto.- Con data 14/10/2024 a xefatura do servizo de Cultura formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 29/10/2024 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto.- En data 30/10/2024 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.
- Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 500.000,00 € a 234 solicitudes (Liña 1 e Liña 2) para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e ás federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e que figura nas relacións que se achegan cos seguintes CSV: Liña 1 (ALX4715WJXLL23S1) e Liña 2: (AEIYEAMHOY0R5TDK).

Segundo.- Excluir deste programa un total de 32 solicitudes por diferentes motivos e que se achega co seguinte CSV: AQNI5MSETY96GRI6.



6.34352.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-2021-000380 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Expte. 2024045467)

Con data 10/07/2024 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda dixital, ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación mediante procedemento aberto do contrato mixto de execución dos traballos do Proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa Dus 5000) no marco do PRTR que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación
1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do <i>concello de A Cañiza</i> .
2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de <i>A Illa de Arousa</i>

En dita providencia xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de Rexeneración e Reto demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia o proxecto detallado anteriormente, dividido en dous lotes.

Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios dos concellos mencionados co fin de reducir o consumo de enerxía final e orixe fósil e misión de dióxido de carbono mediante a utilización de enerxía procedente de fontes renovables co emprego de enerxía xeotérmica de acordo co Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



A xefa do servizo de Cooperación informa que para poder realizar as actuacións nas referidas instalacións, é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Así mesmo, xustifica a necesidade de acudir a unha contratación externa para esta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polos técnicos Aurora M^a Álvarez Lago, Licenciada en Ciencias Xeolóxicas e Sandra Martínez Mariño, Enxeñeira da Enerxía da empresa Ingeniería Solar y Geotérmica S.L. (ISOLGEO) (B-B27881895), adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos do Proxecto IDAE num PR-D5000-2021-000380 Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa dentro do programa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, sendo ditos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno na sesión n^o 5.34265 do día 18/10/2024 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15, dentro do proxecto de gastos código n^o 922_0006_A Cañiza existe crédito retido por importe de 213.537,17 € e na aplicación orzamentaria 24/942.1700.652.15, dentro do proxecto de gastos código n^o 922_0007_ A Illa de Arousa, existe crédito retido por importe total de 171.492,09 €, mediante documentos RC n^o202400220538 e n^o 202400220541.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo de data 21/10/2024 co csv GUNIR6B1QH3WPNDQ. Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data polo que se informa favorablemente o expediente co csv QX2TMSDVC8I94G61.

Visto o informe emitido pola Intervención con data 29/10/2024 polo que se informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.- () Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obriga referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*”



2.- Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

3.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no art 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.



Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Ley 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00€, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do contrato mixto de Subministración e execución das obras que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación	Orzamento execución material (O.E.M)	Gastos xerais (13%)	Beneficio industrial (6%)	Orzamento base de licitación (PEM+GG+BI)	Orzamento execución por contrata (OBL+I.V.E)
Lote n 1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.	148.300,00€	19.279,00€	8.898,00€	176.477,00€	213.537,17 €
Lot en 2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa	119.100,00€	15.483,00€	7.146,00€	141.729,00 €	171.492,09 €
					318.206,00 €	385.029,26 €



2.- Autorizar o gasto por importe de 385.029,26 € con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/942.1700.652.15.2023	385.029,26€

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: ZME1PO863UUFOFLM) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

Denominación	Proxecto (csv)
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do <i>concello de A Cañiza</i> .	ZAWNQB7LV3MSJ6DK
Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de <i>A Illa de Arousa</i>	FPGMDUN4ZYKNU8U1

4.- Nomear responsable do contrato Alejandro Marín Gómez-Nieves, xefe de sección de proxectos do servizo de Cooperación ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

7.34353.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-EDUCATIVA DO PROGRAMA “CAMPAMENTOS DA LANZADA 2025” (Expte.2024044335)

De conformidade co artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, no mesmo sentido o artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ten entre os seus fins promover a participación da xuventude da nosa provincia en actividades do ámbito da educación non formal, da inserción socio-laboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre.

Unha fórmula idónea para conseguir o devandito fin é ofrecerlle aos nenos e nenas actividades alternativas para o seu lecer e tempo libre coas que poidan iniciar ou profundar o seu coñecemento en determinadas materias ao descubrir lugares xeográficos na nosa provincia ou ao achegarse a unha contorna natural, todo iso vertebrado por valores de igualdade, solidariedade, cooperación, respecto mutuo e convivencia.



Para cumprir os obxectivos descritos, o programa “Campamentos A Lanzada” revelou-se desde a súa primeira edición nos anos oitenta como un instrumento útil na medida que facilita a formación e o intercambio xuvenil, así como favorecer a conciliación responsable en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Deste xeito, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada 2025”, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacacións da Lanzada, situado no *concello do Grove*.

O proxecto lúdico-educativo, do que poderán desfrutar ata un máximo de 1.540 menores, comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces.

Dadas características dos traballos para levar a cabo a xefa do servizo, informa que a execución do programa require a dotación de persoal especializado (monitorado de ocio e tempo libre), o desenrolo dun proxecto técnico-educativo, a planificación das saídas e as excursións, polo que este servizo no conta con medios propios para poder levalo a cabo de forma directa, necesitando dunha empresa especializada no sector para a implantación do mesmo.

Por todo o exposto, a xefa do servizo de coa conformidade da deputada delegada informa da necesidade de contratación do Servizo de asistencia técnico educativa do programa Campamentos A Lanzada 2025 que consiste no desenvolvemento de campamentos no Centro de vacacións da Lanzada e oferta unha programación lúdico-educativa que inclúe o desenvolvemento de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, a lingua inglesa, a arte, a cultura, o deporte, científicas, os xogos, a igualdade de xénero, o respecto ao medioambiente, co fin de colaborar na formación da nosa mocidade, e destinado as persoas que cumpran os requisitos especificados na cláusula 1.1 do prego técnico.

O programa oferta un total de 1.540 prazas distribuídas en 11 quendas, participando en cada unha delas 140 menores, 70 nenos e 70 nenas.

As quendas serán de 7 días de duración, de domingo a sábado, e terán lugar entre o 22 de xuño e o 6 de setembro de 2025.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Visto que con data 13/09/2024, a Intervención emite o documento RC fut1 202400199991 por importe de 295.613,54€, con cargo a aplicación orzamentaria 2025/233.3370.227.20, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



Asemade, na Memoria xustificativa do contrato, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determinase mediante as bases reguladoras do programa Campamentos a Lanzada 2025, pendentes de aprobación, que non introducen ningún cambio substancial respecto das aprobadas e publicadas no ano 2024, a excepción das datas das 11 quendas ofertadas, adaptadas ao curso escolar do 2025 e ás datas de nacemento dos nenos que poderán participar no campamento, co mesmo rango de idades que no 2024. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 09/09/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27/09/2024 e as observacións contidas no mesmo. (csv KXI2YZE0ZQMIQ630).

Visto que con data 30/09/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30/10/2024 csv 3C9FSL3YZEHBPEAY, no que se recollen as seguintes observacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares, recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que con carácter xeral, deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos de acordo, co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.

A adxudicación do contrato deberá condicionarse á aprobación das correspondentes bases reguladoras da prestación do servizo.”

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do Servizo de asistencia técnico educativa do programa Campamentos a Lanzada 2025, que se desenvolverá nas seguintes quendas:

- Primeira quenda: do 22 de xuño ao 28 de xuño
- Segunda quenda: do 29 de xuño ao 5 de xullo
- Terceira quenda: do 6 ao 12 de xullo
- Cuarta quenda: do 13 ao 19 de xullo
- Quinta quenda: do 20 ao 26 de xullo
- Sexta quenda: do 27 de xullo ao 2 de agosto
- Sétima quenda: do 3 ao 9 de agosto
- Oitava quenda: do 10 ao 16 de agosto
- Novena quenda: do 17 ao 23 de agosto
- Décima quenda: do 24 ao 30 de agosto
- Décimo primeira quenda: do 31 de agosto ao 6 de setembro

A data da última quenda queda condicionada ao de comezo co curso escolar 2025-2026, que será a que publique a Xunta de Galicia. No caso de que coincida cos últimos días da derradeira quenda, poderase reducir a súa duración.

- O orzamento máximo de licitación: 295.613,54€
- O valor estimado do contrato: 1.074.958,32€

O prazo de duración do contrato establécese desde a data de sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2025, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv 65ED65KG6Q0563KB) e de prescricións técnicas (csv K8WBZ5H42U3I024Y) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto (anticipado) polo importe máximo de 295.613,54€, con cargo a aplicación orzamentaria 2025/233.3370.227.20 quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo, así como á aprobación do respectivo orzamento provincial ao tratarse dunha tramitación anticipada.

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de xuventude e reto demográfico de ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

8.34354.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (Exppte. 2024070683)

Vista a relación de facturas con número 2024070683, que contén 6 facturas e por un importe de 4.569,28 € e con CSV: 0UF2LPH1ESSR0QBH, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 30/10/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.569,28 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.569,28 €

9.34355.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

10.34356.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

11.34357.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

